

## ACTA N° 55/09

### **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 28 DE DECEMBRO DE 2009**

#### **Asistentes:**

#### CONCELLEIROS:

D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.

D. Daniel Rodas Chapela.

D. Valentín Piñeiro González

D.<sup>a</sup> Libertad Cruz Couso.

Secretario: D. Jose Rodriguez Veloso.

Escusa a súa inasistencia D. Arturo González Pérez.

Na Casa do Concello de Moaña, o 28 de decembro de 2009, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario accidental, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:05 horas.

#### **1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.**

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 51/09, do 30/11/09 e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar dita acta.

#### **2.- OBRAS - PROXECTO DE EXECUCIÓN**

Vista a solicitude de D.<sup>a</sup> MARÍA DEL CARMEN PAREDES RIVAS na que presenta proxecto de execución de vivenda unifamiliar, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 14 de decembro de 2009, correspondente ao expediente n° 69/2009.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 28 de decembro de 2009, que literalmente di:

#### **ASUNTO: PRESENTACIÓN PROXECTO DE EXECUCIÓN**

Tómase en coñecemento aos efectos oportunos da presentación do proxecto de execución relativo ao expediente 69/09 ordeándose o seu arquivo en conxunto co inicial proxecto básico polo cal se lle otorgou a licencia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda **aprobar o informe do aparelador municipal e ordenar o arquivo do proxecto de execución conxuntamente con básico aprobado en EXPTE. OBRA N° 69/2009.**

### 3.- DACIÓN DE CONTAS DE AVOCACIÓNS REALIZADAS

Dáse conta que nas resolucións núm. 729/09 e 730/09 a Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno en canto ao recoñecemento da obriga.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

### 4.- RELACIÓN DE FACTURAS

O delegado de Facenda propón que se aprrobe a relación de facturas nº 178 presentada pola Intervención municipal de data 21 de decembro de 2009, levada á Comisión de Facenda desa mesma data, por importe de 119.949,77 euros, cuxa relación empeza por PIÑEIRO GUERRA, MARÍA DEL CARMEN polo importe de 15,66 euros e remata coa factura MADERAS COBRES, S.L. polo importe de 355,52 euros e que está integrada por tres anexos:

- Anexo I: gastos que contan con autorización de gasto ou RC anual.
- Anexo II: gastos que contan con Retención de crédito e proposta de gasto.
- Anexo III: gastos que non contan con tramitación contable.

6174	1940	PIÑEIRO GUERRA, Maria del Carmen	4513 22109	15,66
6253	290503	HPC IBERICA, S.A.	5110 61112	180,65
6347	822521	ASCENSORES ENOR, S.A.	4511 21300	229,94
6420	170	RUA RUA, F. David	2220 62300	4.083,20
6519	49	CARMAR TOMIÑO, S.L	5110 60115	9.940,04
6524	831006	ASCENSORES ENOR, S.A.	4511 21300	229,94
6594	18853	CORREOS Y TELEGRAFOS	1210 22201	1.360,54
6595	20609	CORREOS Y TELEGRAFOS	1210 22299	583,46
6628	157	RODRIGUEZ ABAL, José Luis	3130 22614	45,24
6629	159	RODRIGUEZ ABAL, José Luis	3130 22000	46,40
6630	160	RODRIGUEZ ABAL, José Luis	1110 22611	26,68
6632	183	AGRONERGA, S.L.	4130 22700	1.948,80
6633	9510	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN	4520 22103	765,00
6634	22	A.BERNARDEZ DO MORRAZO, S.L.	4510 21200	777,20
6635	9276	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN	4520 22103	144,00
6636	9431	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN	4520 22103	144,00
6641	53	CARMAR TOMIÑO, S.L	5110 60116	10.638,36
6642	651	ALDAO GONZALEZ SUSANA (NACASA)	3130 22703	2.503,18
6643	652	ALDAO GONZALEZ SUSANA (NACASA)	3130 22703	4.283,16
6644	291050	TELGA COMUNICACIONES, S.L.	2220 20900	89,27

6645	K/8	EMPRESA MONFORTE, S.A.	2220 20400	948,00
6647	2607	ALMACENES CANDUCHO, S.L.	4520 22109	107,88
6648	741	SANTOME GONZALEZ, Juan Pablo	2220 22700	16,00
6649	7326	JUCONS GALAICA, S.L.U.	5110 20300	49,53
6650	2783	SANCHILAN, S.L.	4520 22103	24,52
6651	2782	SANCHILAN, S.L.	2221 22103	10,51
6652	2781	SANCHILAN, S.L.	5110 22103	45,72
6653	1472	KOPIAK MOAÑA, S.L.	5110 22109	17,39
6654	1471	KOPIAK MOAÑA, S.L.	3130 22000	55,77
6655	1468	KOPIAK MOAÑA, S.L.	4510 22000	28,34
6656	1469	KOPIAK MOAÑA, S.L.	4320 22000	27,90
6657	1473	KOPIAK MOAÑA, S.L.	1210 22000	17,90
6661	171	RODRIGUEZ ABAL, José Luis	4513 22602	116,00
6662	168	RODRIGUEZ ABAL, José Luis	2220 22000	230,26
6663	169	RODRIGUEZ ABAL, José Luis	1210 22000	96,30
6664	162	RODRIGUEZ ABAL, José Luis	4510 22000	75,40
6665	9916	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN	1210 22103	60,01
6666	9915	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN	5110 22103	1.903,40
6667	9918	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN	2220 22103	468,01
6668	9917	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN	2221 22103	269,64
6669	882615	S.O. RIAS BAIXAS, S.L.U.	3130 22003	74,37
6670	176	CYBERNOVA MOAÑA, S.L.	1210 21600	351,87
6671	1356896	WURTH ESPAÑA, S.A.	5110 22109	64,96
6672	1182618	WURTH ESPAÑA, S.A.	5110 22109	733,58
6673	1200762	WURTH ESPAÑA, S.A.	5110 22109	442,66
6674	1344020	WURTH ESPAÑA, S.A.	5110 22109	1.450,28
6675	10504	SOCOMOR, S.A.	5110 22109	216,80
6678	L/8	EMPRESA MONFORTE, S.A.	2220 20400	948,00
6681	1705	BODEGAS COSTAS, C.B.	7510 22608	135,72
6683	448	OBRAS Y SERVICIOS FERNANDEZ, S.L.	5110 22300	2.311,74
6684	474	OBRAS Y SERVICIOS FERNANDEZ, S.L.	5110 22300	1.868,30
6685	29	DIAZ JUNCAL, Francisco	4320 22706	1.102,00
6686	13	DIAZ JUNCAL, Francisco	4320 22706	290,00
6687	14	COSTIN BALCA	2221 21300	411,80
6688	2154	PIÑEIRO GUERRA, Maria del Carmen	4513 22610	90,60
6689	18257	FERNANDEZ GRAÑA, Carmen	4513 22610	840,00
6690	3393	AGRICOLA ORENSANA, S.L.	5110 21400	333,04
6695	154	RIOBO SANLUIS, Benxamin	4511 62500	3.000,00
6696	37606	CORREOS Y TELEGRAFOS	1210 22201	1.089,87
6698	290971	HPC IBERICA, S.A.	5110 61112	13.320,16
6699	290786	HPC IBERICA, S.A.	5110 61112	1.990,56
6700	615	DOMINGUEZ ASOCIADOS ARQUITECTURA	4520 22706	6.786,00
6701	616	DOMINGUEZ ASOCIADOS ARQUITECTURA	4520 22706	2.900,00
6702	617	DOMINGUEZ ASOCIADOS ARQUITECTURA	4520 22706	6.090,00
6703	100	INSTALACIONES ARTISTICAS IVAN, S.L.	4520 22608	1.044,00
6704	99	INSTALACIONES ARTISTICAS IVAN, S.L.	7510 20202	5.684,00

6706	678	TECNICA Y PORTALES, S.L.	4421 21200	249,40
6707	677	TECNICA Y PORTALES, S.L.	4421 21200	1.073,00
6708	10837	PAZ DISMAC, S.L.	3130 22000	52,85
6709	10840	PAZ DISMAC, S.L.	1210 22000	94,46
6710	10835	PAZ DISMAC, S.L.	1210 22000	67,91
6711	10839	PAZ DISMAC, S.L.	3130 22614	64,59
6712	10838	PAZ DISMAC, S.L.	4511 22000	75,90
6713	10834	PAZ DISMAC, S.L.	2221 22109	63,99
6714	10836	PAZ DISMAC, S.L.	3130 22000	40,08
6715	251	CHAPELA BARROS, José	4520 22109	51,01
6716	437609	CORREOS Y TELEGRAFOS	1210 22299	590,11
6717	1306	KOPIAK MOAÑA, S.L.	4520 22109	62,14
6718	1305	KOPIAK MOAÑA, S.L.	2220 22000	641,21
6719	283	KOPIAK MOAÑA, S.L.	1210 22000	27,17
6720	286	KOPIAK MOAÑA, S.L.	4510 22000	9,55
6723	7	A.S.C. ENREDOS	4510 22608	100,00
6724	119	PENA PORTELA, Gabriel	1110 22611	69,60
6729	2090729	ESYCSA	2220 21300	1.156,37
6731	6010	FARO DE VIGO	4510 22608	280,14
6732	838653	ASCENSORES ENOR, S.A.	4511 21300	229,94
6733	203758	GAS NATURAL, S.U.R.	1210 22101	35,60
6734	85924	COMERCIAL SENRA, S.A.	4520 20203	234,32
6736	419	ALARMAS PONTEVEDRA, S.L.	4513 21200	60,32
6742	11	URBASER, S.A.	4420 22608	17.933,32
6743	192	MONTAXES ANTEPAZO, S.L.	4520 21200	157,76
6748	11012	MADERAS COBRES, S.L.	4511 21200	355,52
			<b>TOTAL.....</b>	<b>119.949,77</b>

Visto o informe do interventor 248/2009 do 21 de decembro de 2009, no que emite informe de reparo por:: incumprimento do disposto no artigo 72.2 da LCSP xa que o total do gasto xa imputado, ou que se quere imputar ao orzamento em concepto de subministro de combustible, material de limpeza, de construción e consumos telefónicos, superan o límite establecido para os contratos menores; e b) pola existencia de gastos facturados por unha comunidade de bens, que carece de capacidade par contratar coas AAPP. Em canto as facturas emitidas por Carpintería A. Bernardez, s.l. Francisco díaz Juncal e Construcciones Carmar Tomiño, S.L. indica no seu informe que debe emitirse informe no que se indique se os servizos e obras foron realizadas em bens integrantes do patrimonio do Concello de Moaña.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda Primeiro: levarntar os reparos emitidos polo interventor por canto foron obras e servizos efectivamente realizadas e para evitar o enriquecemento inxusto da Administración. Segundo: Aprobar io recoñecemento da obriga das facturas relacionadas na **relación número 178**, con cargo ás partidas orzamentarias que figuran nela.

## **5.- FACTURA TELEFONÍA MÓBIL (MES DE OUTUBRO 2009)**

Vista a proposta da Comisión de Facenda do 21 de decembro de 2009 presentada polo Delegado a esta xuntanza,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o consumo de telefonía móbil do mes de outubro de 2009, reflectido na factura 28-K986-052180 de Telefónica Móviles España, S.A., por un importe de 2.554,35 euros e recoñece a obriga con cargo ás partidas orzamentarias recollidas no RC 2009-1868-0; tamén acorda aprobar a bonificación de 630,13 euros correspondentes a dita facturación.

## **6.- FACTURA TELEFONÍA FIXA MES DE OUTUBRO DE 2009**

Vista a proposta da Comisión de Facenda do 21 de decembro de 2009 presentada polo Delegado a esta xuntanza,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o consumo de telefonía fixa do mes de outubro de 2009, reflectido na factura 60-J955-002927 de Telefónica de España, por un importe de 4.095,81 euros, e recoñece a obriga con cargo ás partidas orzamentarias recollidas no RC 2009-1867-0.

## **7.- APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA**

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local do 23 de novembro de 2009 no que se aprobou a compra de dous aparatos de radio para as aulas de ximnasia das persoas maiores.e no que se dispoñía:

“Aprobar o pago a xustificar a D.<sup>a</sup> MARÍA ELENA GARCÍA LORENZO, animadora sociocultural de servizos sociais, por importe de 160,00 euros, en concepto de merca de dous aparatos de radio, con cargo a partida 3130 22109”.

Vista a conta xustificativa achegada pola habilitada de data 23 de decembro de 2009, integrada pola factura nº 6288 emitida por Electrodomésticos Moises por importe de 118,00 euros e xustificante do ingreso en c/c de titularidade municipal de 42,00 euros,

. Visto o informe favorable do interventor de data 23 de decembro de 2009,.

Tendo en conta o regulado sobre os pagos a xustificar no artigo 190 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no artigo 69 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, de orzamentos das entidades locais, e nas bases de execución do orzamento do Concello de Moaña para o ano 2009, nesta data prorrogada o ano 2010,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:-

**Primeiro.-** Aprobar a conta xustificativa do pago a xustificar expedido a D<sup>a</sup> María Elena García Lorenzo por importe de 160,00 euros, en concepto de merca de dous aparatos de radio, con cargo á partida 3130 22109.

**Segundo.-** Notificar a presente resolución ao departamento de Intervención e Tesourería para os efectos oportunos.

## **8.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “SANEAMENTO DE COSTA GRANDE.”**

En data 14 de decembro de 2009, a Xunta de Goberno acordou adxudicar provisoriamente o contrato de obra “Saneamento da Costa Grande (Berducedo)a Empresa CONSTRUCIONES OBRAS E VIAIS S.A., polo prezo de OITENTA E NOVE MIL VINTESEIS EUROS CON TRINTA E NOVE CENTIMOS (76.746,89 + 12.279,50 EUROS de IVE, no se ofertaron melloras , un prazo de execución de tres meses, e un prazo de garantía de 12 meses.

Asemesmo se lle requiriu para que presentase en prazo, documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 3.837,34 euros

En data de 18 de decembro de 2009, o adxudicatario provisorio presenta aval bancario na tesourería municipal por importe de 3.837,34 euros.

De conformidade co previsto no artigo 17 dos pregos de cláusulas administrativas do contrato, a Xunta de Goberno por unanimidade dos presentes, acorda:

**Primeiro.-**Declarar válida a licitación e adxudicar definitivamente o contrato de obra “Saneamento da Costa Grande (Berducedo) a COVSA polo prezo OITENTA E NOVE MIL VINTESEIS EUROS CON TRINTA E NOVE CENTIMOS (76.746,89 + 12.279,50 EUROS de IVE ) un prazo de execución de tres meses, e un prazo de garantía de 12 meses.

**Segundo:** Requerir do adxudicatario para que no prazo de dez días hábiles dende a notificación da adxudicación definitiva, se persone nas dependencias municipais para subscribir o documento administrativo de formalización do contrato, conforme ao modelo previsto.

**Terceiro.-** Nomear como Director da obra ao abeiro do disposto no Decreto 1627/97 de 24 de Outubro ao Arquitecto Técnico D. Xose Manuel Carballo Moldes.

## **9.- CERTIFICACIÓN N° 1-LIQUIDACIÓN DA OBRA “ACONDICIONAMENTO PARQUES INFANTIS DO ALMACEN, SAN BARTOLAMEU, A PRAIA, TIRAN E O CASAL NO CONCELLO DE MOAÑA”.**

Dáse conta da certificación n° 1 liquidación da obra “ACONDICIONAMENTO PARQUES INFANTIS DO ALMACEN, SAN BARTOLAMEU, A PRAIA, TIRAN E O CASAL NO CONCELLO DE MOAÑA”, presentada pola empresa HPC IBERICA S.A., asinada polo director de obra D. Xosé Manuel Carballo Moldes, por importe de 100.000 EUROS.

Visto o informe da Intervención Municipal de data 28 de decembro de 2009.  
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

**Primeiro:** Levantar o reparo da Intervención recollido no seu informe de data 28 de decembro de 2009, por entender que as obras foron efectivamente executadas nos termos recollidos e as certificacións asinadas polo Director de Obra e para evitar o enriquecemento inxusto da Administración.

**Segundo:** Aprobar a certificación nº 1 – liquidación da obra “ACONDICIONAMENTO PARQUES INFANTIS DO ALMACEN, SAN BARTOLAMEU, A PRAIA, TIRAN E O CASAL NO CONCELLO DE MOAÑA” de data 22 de decembro de 2009, por importe de 100.000,00 euros.

**Terceiro:** Aprobar a factura nº 09291067, de HPC IBERICA S.A., de data 23 de decembro de 2009, polo importe de 100.000 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 4320.60117.

#### **10.- CERTIFICACION UNICA COMPLEMENTARIA DA OBRA “COMPLEMENTARIA MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA PO 314 AVDA DE DANIEL CASTELAO**

Dase conta da certificación epigrafiada presentada pola Empresa XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L., asinada polo director da mesma D. Juan Fernandez Rivas e por importe de 49.900,01 euros.

Asimesmo dase conta do informe emitido polo Interventor Municipal en data 28/12/09.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos membros asistentes, acorda:

**Primeiro:** Levantar o reparo da Intervención recollido no seu informe de data 28 de decembro de 2009, por entender que as obras foron efectivamente executadas nos termos recollidos e as certificacións asinadas polo Director de Obra e para evitar o enriquecemento inxusto da Administración.

**Segundo.-** Aprobar a certificación única-complementaria de dita obra, de data 31/7/09, por importe de 49.900,01.

**Terceiro.-** Aprobar a factura número 135/09 de data 31/08/09, polo importe de 49.900,01 euros con cargo a partida 5110.61119.

#### **11.- CERTIFICACIÓNS Nº 4 DA OBRA “MODIFICADO REFORMA DO PASEO MARÍTIMO DA PRAIA (MOAÑA)”.**

Dáse conta da certificación ordinaria nº 4 de data 23 DE DECEMBRO DO 2009, da obra “Modificado Reforma do paseo marítimo da Praia (Moaña)”, presentadas pola empresa XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L., asinada polo director de obra D. Gumersindo Ferro Pichel.

Visto o informe da Intervención Municipal de data 28 de decembro de 2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

**Primeiro:** Levantar o reparo da Intervención recollido no seu informe de data 28 de decembro de 2009, por entender que as obras foron efectivamente executadas nos termos recollidos e as certificacións asinadas polo Director de Obra e para evitar o enriquecemento inxusto da Administración.

**Segundo:** Aprobar a certificación ordinaria nº 4 de data 23 de Decembro de 2009 por importe de 61.989,81 € da obra “Modificado Reforma do paseo marítimo da Praia (Moaña)”.

**Terceiro:** Aprobar a factura de XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. nº 221/09 por un importe de 61.989,81 euros, recoñecendo as obrigas con cargo á partida 4320.60118.

## **12.- CERTIFICACIÓN Nº 1 E FINAL DA OBRA “PAVIMENTACION DE VIAIS PUBLICOS NO BARRIO DO CAEIRO (MEIRA-MOAÑA)”.**

Dáse conta da certificación ordinaria nº 1 - FINAL de data 16 de decembro 2009, da obra “Pavimentación de viais públicos no barrio do Caeiro”, presentadas pola empresa COVSA., asinada polo director de obra D. Jose Manuel Carballo Moldes.

Visto o informe da Intervención Municipal de data 23 de decembro de 2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

**Primeiro:** Aprobar a certificación ordinaria nº 1 final de data 23 de Decembro de 2009 por importe de 49.999,48 € da obra “Pavimentación de viais públicos no barrio do Caeiro (Meira-Moaña)”.

**Segundo:** Aprobar a factura de CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS, S.A. nº 291664 por un importe de 49.999,48 euros, recoñecendo as obrigas con cargo á partida 5110.61123.

## **13.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADQUISICIÓN MEDIANTE COMPRAVENTA, ADQUISICIÓN DIRECTA, DE PARCELAS NO CASAL CON DESTINO AO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE MOAÑA.**

Examinado o expediente incoado, por proposta de Alcaldía de data 21 de abril de 2009 para completar a adquisición de terreos necesarios para a conexión do campo de fútbol municipal de Moaña ca rede viaria e zona de aparcamentos e servizos.

Visto o Prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexeir para a contratación por concurso adxudicación directa, e tamén, o cadro de características do Contrato.

Á vista do disposto no artigo 21.1.p) da Lei de bases de réxime local: *“El Alcalde es el Presidente de la Corporación y ostenta las siguientes atribuciones: La adquisición de bienes y derechos cuando su valor no supere el 10 por ciento de los recursos ordinarios del presupuesto (neste caso, 169.469,00 euros) ni los tres millones de euros”.*



Vistos os informes de Secretaría de data 5 de maio e de Intervención de data 18 de decembro de 2009.

Vista a Resolución da Alcaldía de 18 de xuño de 2007, Resolución da Alcaldía pola que o Alcalde delegou na Xunta de Goberno, entre outras, as adquisicións de bens da súa competencia, é dicir, cando o seu valor non supere o 10% nin os tres millóns de euros dos recursos ordinarios do orzamento de delegación de atribucións da Alcaldía na Xunta de Goberno deste Concello, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Levantar o reparo da Intervención emitido en informe de data 18 de decembro de 2009 pola necesidade da adquisición dos terreos para dar resposta a unha urxente necesidade e por entender que a imposibilidade de promover concorrencia, ven derivado do fin que se pretende e ante a imposibilidade, dada a ubicación do campo, de atopar outras parcelas axeitadas ao fin que se pretende. Asemesmo enténdese suficientemente xustificada no expediente a valoración proposta para as parcelas.

SEGUNDO.-Declara-la apertura do procedemento de compraventa mediante adxudicación directa para a adquisición de parcelas destinadas á completar as previamente adquiridas necesarias para a conexión do campo de fútbol municipal de Moaña ca rede viaria e zona de aparcamentos e servizos.

TERCEIRO.- Autoriza-lo gasto derivado da adquisición das parcelas por importe de 169.469,00 euros, con cargo á partida 4320.600.00 euros do orzamento municipal vixente.

CUARTO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que haberán de rexe-la compraventa das parcelas mediante adxudicación directa.

QUINTO.- Dispoñe-la apertura do procedemento de adxudicación.

#### **14.- RESUME DO PADRÓN DE AUGA E SANEAMENTO DO CUARTO TRIMESTRE DO ANO 2009**

Visto o resume do padrón de auga e saneamento do cuarto trimestre do ano 2009, entregado o día 22 de decembro de 2009 por AQUALIA, Servizo Municipal de Abastecemento e Saneamento de Auga, co que se pretende dar a coñecer a facturación correspondente ao período cuarto trimestre do ano 2009, por un importe 209.515,02 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o padrón de auga e saneamento do cuarto trimestre do ano 2009, por un importe de 209.515,02 euros, e que se expoña ao público polo período de tempo regulamentario.

#### **15.- RECLAMACIÓN PATRIMONIAL**

D. Gerardo Alonso Iglesias, mediante escrito con entrada no rexistro único do edificio administrativo de Vigo da Xunta de Galicia o 11.12.09, e rexistro de entrada neste Concello o día 21 de decembro de 2009, interpone reclamación de responsabilidade patrimonial da Administración Pública polos danos e prexuízos ocasionados en accidente de circulación ocorrido como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos, que cuantifica en 989,90 euros. No seu escrito expón que circulaba co seu vehículo pola vía do lugar de Igrexario e, ao estar unha tampa da rede de sumidoiros

fóra do seu sitio, produciulle danos no faldón esquerdo do seu vehículo. Achega copia do seu DNI, fotocopia do permiso de circulación, informe da Policía Local e informe de valoración emitido por Eje Atlántico de Automóviles, S.A. cunha avaliación económica da responsabilidade patromonial de 989,90 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda desestimar a reclamación presentada por D. Gerardo Alonso Iglesias dado que a rede de saneamento está afecta á concesión do servizo público de subministro de auga, saneamento e depuración encomendada á empresa Aqualia.

#### **16.- LISTADO DEFINITIVO DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS E VALORACION DEFINITIVA DE CURRICULOS DO PROCESO DE SELECCION DE PERSOAL PARA CUBRIR SUBSTITUCIONS E TRABALLOS EVENTUAIS DE CURTA DURACIÓN 2010-2011**

Dase conta do listado epigrafiado elaborado polo tribunal que baremou todo-los curriculos presentados asi como as reclamacións feitas durante o periodo de alegacións estipulado nas bases.

O listado comenza por OFICIAL PRMEIRA ALBANEL (Armando Chapela Sotelo) e remata por OUTROS EXCLUIDOS CON CARATER XERAL (Giavanni Forgiarini), e componse de 26 páxinas.

Informa o Sr. Alcalde da existencia de varias reclamacións a mais das relacionadas polo tribunal que foron presentadas en prazo pero noutros organismos diferentes o Concello de Moaña.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar o listado polo motivo de que se produza algunha baixa inmediata e o mesmo tempo que polo tribunal sexan estudiadas as reclamacións que menciona o Sr. Alcalde e se elabore un listado definitivo que será aprobado na próxima Xunta de Goberno.

#### **17.- CONTRATACION DE DOUS OFICIAIS DE PRIMEIRA DE MANTEMENTO PARA ATENCION DE INSTALACION DEPORTIVAS NO CONCELLO**

Dase conta da acta do tribunal calificador das probas feitas para estas prazas

#### **ACTA Nº 4**

#### **DOUS OFICIAS DE 1ª DE MANTEMENTO PARA A ATENCION DE INSTALACIONES DEPORTIVAS**

Presidente: Carmen Perez Garcia

Vocais:

Jesús Boubeta Rivas

Eugenio Costa Diz

Maria Torea Priegue

Angeles Cabeiro Dopico  
Secretario:  
Jose Rodríguez Veloso

Sendo ás 17 horas do día 9 de decembro do 2009, reunense os membros do tribunal para realizar o examen teórico-practico dos aspirantes que superaron a proba teórica

Conxiste o examen en contestar a catro preguntas sobre funcionamento instalacións deportivas, albañilería, calefacción e electricidade

Foron chamados individualmente cada un e se lles fixo as correspondentes catro preguntas, permanecendo os demais nun local para que non pudesen poñerse en contacto uns cos outros.

Rematado o examen os resultados son os seguintes

### **RESULTADOS provisionais DOUS OFICIAIS DE PRIMEIRA DE INSTALACIONES DEPORTIVAS DO CONCELLO DE MOAÑA**

<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>VALORACION CURRÍCULO.</b>	<b>EXERCICIO TIPO TEST</b>	<b>PROBA PRACTICA</b>	<b>PUNTUACION FINAL</b>
CARBALLO PASTORIZA, GONZALO	2,00	1,00	0,60	3,60
FERVENZA MATEO, GABRIEL	2,10	1,10	1,50	4,70
<b>MALVIDO CARBALLO, JUAN MANUEL</b>	<b>3,34</b>	<b>1,30</b>	<b>2,20</b>	<b>6,84</b>
MARCOS LORENZO, DIEGO	0,50	1,00	NP	-
MAYA GIL, JOSE CARLOS	2,5	1,10	0,75	4,35
MENDUIÑA PASTORIZA, MANUEL ANGEL	0,85	1,40	NP	-
NUÑEZ GARCIA, MOISES	2,25	1,10	2,80	6,15
OTERO PIÑEIRO, PABLO	1,25	1,30	1,20	3,75
OTERO PORTELA, CARLOS	2,96	1,00	1,20	5,16
OTERO VILLANUEVA, GASPAR	1,39	1,00	0,30	2,69
PEREZ BLECUA, JORGE	1,25	1,00	NP	-
RIOBO HERMIDA, JOSE MANUEL	0,10	1,30	1,80	3,20
RUIZ FERNANDEZ, JOSE MANUEL	3,50	1,60	1,65	6,75
SILVA RODRIGUEZ, JESUS MANUEL	1,49	1,80	0,70	3,99
<b>TOME CRUZ, JUAN ANTONIO</b>	<b>4,00</b>	<b>1,40</b>	<b>2,05</b>	<b>7,45</b>
VEIGA ENTENZA, MARÍA NIEVES.	0,00	1,60	0,20	1,80
VEIGA ENTENZA, PEDRO	1,75	1,00	1,40	4,15

Ponse como periodo de reclamacións dende o 16 o 22 de decembro actual tal como recollen as bases. No caso de non producirse o Tribunal propon xa a contratación dos dous aspirantes de maior puntuación:

JUAN ANTONIO TOME CRUZ (Xornada completa)

JUAN MANUEL MALVIDO CARBALLO (Media xornada)

Rematase ás vinteunha trinta horas, de todo o cal eu como secretario dou fê

Informase polo secretario do tribunal que o non haberse producido reclamacións e definitiva a proposta feita, polo que a Xunta de Goberno, por unanimidade dos membros asistentes acorda:

Contratar os dous aspirantes propostos polo tribunal nas condicións establecidas nas bases:

JUAN ANTONIO TOME CRUZ, xornada completa, salario: 1262,07 euros brutos mensuais mais indemnización cese final de 336,55 euros, dende o 1 de Xaneiro o 31/12/10.

JUAN MANUEL MALVIDO CARBALLO, media xornada, salario: 648,03 euros brutos mensuais mais indemnización por cese final 172,81 euros

O traballo organizarase en quendas rotativas mensuais para a cobertura do servizo de luns a domingos.

O Sr. Alcalde resolverá sobre a contratación e formalización dos contratos de conformidade cos modelos de contratación previstos no Real Decreto 1/95

Os demais aspirantes serán ordenados de maior a menor puntuación, conformando unha listaxe que poderá ser utilizada para a realización de substitucións ou contratos de curta duración.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:50 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario accidental, DOU FE.